



Universidade de Vigo

**O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) participa no acordo transformativo entre a CRUE - CSIC e a editorial Elsevier.**

O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) constituído polas tres universidades e a Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, e a Universidade de Vigo, co obxectivo de impulsar a cooperación das institucións universitarias e como entidade asinante, participou nos traballos que concluíron no acordo transformativo entre Crue Universidades Españolas-CSIC e a editorial Elsevier B.V. e que se estenderá ata o ano 2024.

Os acordos transformativos con editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ó progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia (*Open Science*).

Con este acordo, as universidades disporán de acceso de lectura á principal colección de revistas científicas de Elsevier, denominada *Freedom Collection*, ao tempo que impulsarán as publicacións dos seus investigadores en acceso aberto ao poder publicar sen custo adicional de APCs (Article Processing Charges ou taxas para publicar en aberto) unha porcentaxe dos artigos propostos.